XUNTA
DE GALICIA

FOMENTO DA MOBILIDADE SOSTIBLE.
ITINERARIO PEONIL E CICLISTA NA PO-308 (POIO).

1. Obxecto da Actuación

O obxecto da actuación é a execución dunha senda peonil e ciclista para maximizar a seguridade e o tránsito peonil e ciclista, minimizando o conflito co tráfico rodado, na estrada PO-308, entre os puntos quilométricos (PP.QQ.) 5+630-8+172, nos parroquias de Combarro e Samieira, no concello de Poio.

2. Plan de Estradas

A estrada convencional PO-308 (Poio (PO-310) - A Lanzada (PO-550)) pertence a rede complementaria da Rede Autonómica de estradas de Galicia.

3. Descrición da Actuación

Creación dunha senda peonil e ciclista na PO-308 entre os P.Q. 5+630 e 6+035 e entre P.Q. 6+180 e 7+425 na parroquia de Combarro e entre P.Q. 7+635 e 8+172 entre as parroquias de Combarro e Samieira, no Concello de Poio.
A nova senda deséñase co mesmo trazado en planta e alzado que a estrada sobre a que se apoia. Para xerar o espazo necesario para a senda, debido aos condicionantes existentes, puntualmente é necesario desprazar lixeiramente o eixo da calzada, reducir a beiravía a 0,5 m ou a anchura do carril a 3 m, mediante o borrado e repintado das marcas viarias.
Creación de 2 novos pasos de peóns nos P.Q. 6+250 e 8+160, para garantir a continuidade do itinerario peonil.
Construcción dunha pasarela metálica elevada no P.Q. 6+190, para garantir a continuidade do itinerario accesible nas escaleiras de baixada á praia e manter a operatividade e funcionalidade actual da escalinata, dispoñéndose un galibo mínimo vertical de 2,20 m sobre as escaleiras.
Reordenación do estacionamento para autobuses existente no P.Q. 6+650 e dotación de bandas de aparcamento en liña para vehículos lixeiros e autobuses, para o que e necesario nalgúns casos a ampliación da plataforma da estrada.
Construción dun muro de contención na contorna do P.Q. 7+200.
Recolocación de contedores de RSU nas nova illas.

4. Características técnicas

Seccións tipo senda:
Ancho mínimo de 2,02m (1,8 m de senda + 0,22 m bordo)
Firmes e pavimentos:
Senda: 20cm de solo adecuado+ 10 cm de formigón sen colorear HF-3,5 + 6 cm de formigón coloreado HF-3,5 cor terrizo.
Nos accesos aos pasos de peóns colocación de pavimento táctil indicador de cor diferenciada.
Nos accesos, extremos de paradas de autobús e no extremo de saída das bandas de aparcamento colocación de mallazo #15x15x10.
Zonas de ampliación da estrada con novo firme (bandas de aparcamento, paradas de bus e illas de contrdores): 55 cm de solo seleccionado tipo E2 + 25 cm de saburra artificial ZA-20+ rega de imprimación C60BF4 IMP+ 6 cm de mestura bituminosa en quente (MBQ) A22 SURF BC50/70S
Drenaxe:
Colector de drenaxe baixo a senda cos correspondentes pozos, sumidoiros e arquetas e gabias revestidas.
Estruturas:
Pasarela peonil de 4,87m de lonxitude e ancho libre de 1,81m; realizada cun emparrillado de catro pilaretes HEB120, sobre o que se dispón un pavimento tipo tramex 34x38/30x3/VC5mm e varandas tubulares.
Execución dun muro de contención de bloques de pedra de 16,70m de lonxitude e altura inferior a 3,0m; sobre este muro executarase a reposición do peche da leira reutilizando integramente os materiais recuperados.
Obras complementarias:
Repintado de marcas viarias; disposición de novas canalizacións soterradas para iluminación, realización de prisma de telecomunicacións; instalación de varandas en desniveis superiores a 55cm; reposición das marquesiñas das paradas de autobús, bancos e servizos afectados; illas de localización de contedores de RSU; reposición de sinalización, balizamentos e defensas.

5. Poboación Servida (INE 2025)

Poio	17.434 hab.
TOTAL:	**17.434 hab.**

6. Concellos Afectados

Concello de Poio.

7. Expropiacións

Parcelas afectadas: 18 (13 titularidade privada e 5 titularidade publica), no concello de Poio.

Expropiación	8.235,00 €
Bens afectados	75,92 €
Premio de afección 5%	415,55 €
Ocupacións temporais	10,20 €
Total Expropiacións:	8.736,67 €

8. Prazo de execución

O prazo de execución das obras previsto é de DEZAOITO (18) meses.


9. Orzamentos

Orzamento Base de Licitación (c/IVE)	1.400.181,88 €
Orzamento de Expropiacións	8.736,67 €
Orzamento de Reposición Servizos Afectados de titularidade privada	26.890,66 €
Orzamento para Coñecemento da Administración	1.435.809,21 €

PLANO DE SITUACIÓN




SECCIÓNS TIPO



SECCIÓN TIPO SENDA PEATONAL Y CICLISTA
Escala 1:20 en A3 (cotas en m)

(**):
ENTRE LOS PPKK 5+630-5+655 MD Y PPKK 7+410-7+425 MD
SE LLEVA A CABO UNA SIMPLE REPAVIMENTACIÓN, SE PODRÁ
PRESCINDIR DE ESTA CAPA



SECCIÓN TIPO ZONA PLATAFORMA COMPARTIDA CON ACCESOS DE VEHÍCULOS